



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA DE CONTRATACION PARA A CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDEMENTO ABERTO, O SERVIZO DE TRANSPORTE E BALDEIRADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DO PUNTO LIMPO.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 13,00 horas do día 05 de setembro 2012, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a. Irene Suárez López, o técnico municipal D. José María Melero González, o concelleiro delegado de limpeza, recollida de residuos, cemiterio, parque móbil e servizos municipais D. Manuel González Vázquez, e actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

- Publicado edicto no Boletín Oficial da Provincia nº 158 de 17 de agosto 2012 e no Perfil do Contratante da páxina web do concello, rematou o prazo de presentación de propostas o día 01 de setembro de 2012.

- Pola Secretaria se procede a dar conta da única empresa presentada, que é :

| DENOMINACIÓN EMPRESA | ENDEREZO |
|---------------------------|--|
| GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. | Polígono. Industrial "Ás Gándaras", parcela 8B, 36.400 O Porriño |

Unha vez aberto o sobre A, documentación administrativa, da empresa anteriormente mencionada, por unanimidade dos membros asistentes acórdase:

- **Admitir a empresa presentada** dado que a documentación cumpre cos requisitos esixidos na convocatoria.

De seguido, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda fixa-la apertura do sobre B "PROPOSICIÓN ECONÓMICA" para o vindeiro luns, día 10 de setembro, ás nove horas e trinta minutos, no Salón de Sesións do Concello, en acto público, comunicándose a empresa "GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U." e publicándose no Taboleiro de Edictos.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López

O CONCELLEIRO DELEGADO DE
LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS

O TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo: Manuel González Vázquez

Asdo: . Jose María Melero González